



BASES XERAIS DA CONVOCATORIA PARA A CONTRATACIÓN DE 1 ORIENTADOR/A LABORAL (PERSONAL LABORAL TEMPORAL)

Primeira. *Normas xerais*

O obxecto das presentes bases é a contratación, mediante o sistema de oposición, de 1 Orientador/a Laboral consonte á subvención concedida ao abeiro da Orde da Consellería de Emprego e Igualdade do 23 de decembro de 2021 pola que se establecen as bases reguladoras e a convocatoria pública para a concesión de subvencións para a contratación de persoal técnico para a realización de actividades de orientación laboral no exercicio 2022 (DOG núm. 17 do 26 de xaneiro de 2022).

Segundo. *Modalidade do contrato*

A modalidade contractual é contrato para a mellora da ocupabilidade e a inserción laboral (D.A 9º do Real Decreto Legislativo 3/2015, de 23 de outubro, polo que se aproba o texto refundido de la Lei de Emprego , modificado polo Real Decreto 32/2021 de 28 de decembro, de medidas urxentes para a reforma laboral, a garantía da estabilidade no emprego e a transformación do mercado de traballo)

O contrato terá unha duración de 12 meses, desde a súa formalización, que será o 4 de novembro de 2022.

As funcións do posto son as establecidas no artigo 3 da Orde da Consellería de Emprego e Igualdade do 23 de decembro de 2021 (DOG núm. 17 do 26 de xaneiro de 2022).

As retribucións a percibir serán de 1.633,00 €uros brutos mensuais, por todos os conceptos, incluídas as pagas extras prorrateadas.

Terceira. *Condicións de admisión das persoas aspirantes*

Para poder participar nas probas de selección, será necesario reunir os requisitos establecidos no artigo 56 do Real decreto legislativo 5/2015, do 30 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da Lei do Estatuto básico do empregado público:

- a) Ter a nacionalidade española ou algunha outra que, conforme o disposto no artigo 52 da Lei 2/2015, do 29 de abril, do emprego público de Galicia, permita o acceso ao emprego público. Poden acceder ao emprego público como persoal funcionario en igualdade de condicións coas persoas de nacionalidade española:
 - As persoas que posúan a nacionalidade doutros estados membros da Unión Europea.
 - As persoas, calquera que sexa a súa nacionalidade, que sexan cónxuxes de persoas que posúan a nacionalidade española ou doutros estados membros da Unión Europea, sempre que non estean separadas de dereito.
 - As persoas, calquera que sexa a súa nacionalidade, descendentes de persoas que posúan a nacionalidade española ou doutros estados membros da Unión Europea, sempre que sexan menores de vinte e un anos ou maiores da devandita idade dependentes.





- As persoas, calquera que sexa a súa nacionalidade, descendentes do cónxuxe non separado de dereito de persoas que posúan a nacionalidade española ou doutros estados membros da Unión Europea, sempre que sexan menores de vinte e un anos ou maiores da devandita idade dependentes.
 - As persoas incluídas no ámbito de aplicación dos tratados internacionais subscritos pola Unión Europea e ratificados por España nos cales sexa aplicable a libre circulación de persoas traballadoras.
- b) Posuír a capacidade funcional para o desempeño das tarefas.
- c) Ter cumpridos dezaseis anos e non exceder a idade máxima de xubilación forzosa. Só por lei poderá establecerse outra idade máxima, distinta da idade de xubilación forzosa, para o acceso ao emprego público.
- d) Non ser separado/a mediante un expediente disciplinario do servizo de calquera das administracións públicas ou dos órganos constitucionais ou estatutarios das comunidades autónomas, nin atoparse en situación de inhabilitación absoluta ou especial para empregos ou cargos públicos por resolución xudicial, para o acceso ao corpo ou escala de funcionario/a ou para exercer funcións similares ás que desempeñaban no caso do persoal laboral, no que fose separado ou inhabilitado. No caso de ser nacional doutro estado, non acharse inhabilitado ou en situación equivalente nin ser sometido a sanción disciplinaria ou equivalente que impida o acceso ao emprego público no seu estado nos mesmos termos.
- e) Posuír a titulación esixida: Título de licenciado/a universitario/a, arquitecta/o, enxeñeiro/a ou grao. Título universitario de enxeñeiro/a técnico/a, diplomado/a universitario/a, arquitecto/a técnico/a ou grao.

As persoas aspirantes con titulacións obtidas no estranxeiro deberán acreditar que están en posesión da correspondente validación ou da credencial que acredite, de ser o caso, a homologación do título. Este requisito non se lles aplicará ás persoas aspirantes que obtivesen o recoñecemento da súa cualificación profesional no ámbito das profesións reguladas ao amparo das disposicións de dereito da Unión Europea.

Cuarta. Forma e prazo de presentación de solicitudes

1. As persoas que desexen participar nas probas selectivas convocadas deberán facelo constar mediante unha instancia dirixida ao alcalde do Concello da Estrada. A instancia conterá, polo menos, os datos persoais da persoa solicitante, o seu enderezo e a denominación da praza convocada a que opta. Farase constar expresamente que se reúnen todas e cada unha das condicións esixidas na base segunda da convocatoria, para o que cumprirá achegar:
 - 1) Unha fotocopia do documento nacional de identidade.
 - 2) Título esixido
 - 3) Relación de méritos a valorar na fase de concurso.
 - 4) O certificado acreditativo do coñecemento da lingua galega, de posuílo (Celga 4 ou equivalente).
 - 5) O xustificante do pagamento das taxas de inscrición. A cantidade que se deberá aboar será de 20,00 €, que se pagarán na Tesourería Municipal ou a través do seguinte número de conta bancario da entidade BBVA: ES17 0182 6246 3202 0036





0191. No xustificante de ingreso terá que figurar o DNI da persoa candidata á praza. Non obstante, no Rexistro Xeral do Concello da Estrada facilitaráselles ás persoas interesadas un modelo de solicitude redactado segundo se recolle no anexo das presentes bases.

Segundo a Ordenanza fiscal núm. 6, reguladora da taxa por expedición de documentos administrativos, nos procedementos de selección de persoal, non se lles esixirá o pagamento polos conceptos “dereitos de exame” e “compulsas” ás persoas desempregadas que figuren como demandantes de emprego, sempre que o acrediten por medio da certificación emitida polo Instituto Nacional de Emprego ou do servizo homólogo da comunidade autónoma.

2. O prazo para a presentación de solicitudes será de 5 días naturais, contados a partir do día seguinte ao da publicación do correspondente anuncio en dous diarios de gran difusión.
3. A presentación de solicitudes poderá facerse no Rexistro Xeral do Concello da Estrada ou e en calquera das formas establecidas no artigo 16.4 da Lei 39/2015, do 1 de outubro do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas.
4. As solicitudes que se presenten a través da oficina de Correos deberán entregarse nun sobre aberto para seren seladas e datadas polo persoal funcionario de Correos antes de seren certificadas. Neste caso, aconséllaselles ás persoas aspirantes que comuniquen a presentación da solicitude mediante unha mensaxe de fax ou de correo electrónico e durante o mesmo prazo que o de presentación de instancias. Actuarase do mesmo xeito no caso de presentar a solicitude noutra administración pública.
5. As persoas aspirantes quedan vinculadas aos datos que fixeron constar na súa solicitude, aínda que os erros de feito que se puideren advertir poderán emendarse ou repararse en calquera momento, ben de oficio, ben a petición dunha parte.

Quinta. Publicidade.

As bases do presente proceso selectivo publicaranse íntegramente no taboleiro de anuncios da Sede Electrónica <https://aestrada.sedelectronica.gal/board>, e na páxina web do concello <http://www.aestrada.gal/index.php/gl/tramites/contratacion-de-persoal>.

Os resultados das probas, as convocatorias de exames, citacións e emprazamentos aos aspirantes, así coma calquera actuación do tribunal cualificador levaranse a cabo a través do taboleiro de anuncios da sede electrónica e na web municipal, <http://www.aestrada.gal/index.php/gl/tramites/contratacion-de-persoal>, medio exclusivo de notificación aos interesados de conformidade co previsto no artigo 45.1. b) da lei 39/2015 de procedemento administrativo común das Administracións Públicas, salvo que estas bases dispoñan expresamente o contrario; non obstante o concello se o estima oportuno poderá utilizar ademais outros medios de publicación ou comunicación

Sexta. Admisión de aspirantes

1. Unha vez rematado o prazo dos 5 días naturais fixado para a presentación de solicitudes, publicarase a listaxe de persoas admitidas e excluídas, en que se especificarán, de ser o caso, os motivos de exclusión. A listaxe publicarase no taboleiro de anuncios da casa do concello e na web municipal. No caso de non existir persoas excluídas, a lista será considerada como definitiva.





2. No caso de existir persoas aspirantes excluídas, dispoñerán dun prazo de 1 día, contado a partir do día seguinte ao da publicación, para poderen emendar o defecto que deu motivo á exclusión.

Sétima. Tribunal cualificador

Os órganos de selección serán colexiados e a súa composición deberase axustar aos principios de imparcialidade e profesionalidade dos seus membros, e tenderase, así mesmo, á paridade entre mulleres e homes. O persoal de elección ou de designación política, o persoal funcionario interino e o persoal eventual non poderán formar parte dos órganos de selección. A pertenza aos órganos de selección será sempre a título individual, polo que non se poderá realizar en representación ou por conta de ninguén.

Estará constituído por un/unha presidente/a, un/unha secretario/a e tres vogais cos/as seus/súas correspondentes suplentes.

Os membros dos Tribunais deberán absterse de intervir e comunicarllo ao Sr. Alcalde cando concorran neles algunha das circunstancias previstas no artigo 23 da Lei 40/2015 do 1 de outubro, do Réxime Xurídico do sector público, así como cando realizasen tarefas de preparación de aspirantes durante os cinco anos anteriores á publicación desta convocatoria, para o mesmo corpo e especialidade. Así mesmo as persoas aspirantes poderán recusar os membros do Tribunal cando neles conorra algunha das circunstancias previstas para a abstención e de conformidade co establecido no artigo 24 da Lei 40/2015. Unha vez constituído o Tribunal tamén poderán incorporarse os outros vogais titulares que non concorren á sesión constitutiva e, de ser o caso, os suplentes.

Os membros do Tribunal que asistan ás súas sesións, percibirán dietas pola súa asistencia, na contía legalmente establecida, sen prexuízo dos traballos previos de asistencia técnica que poidan realizar os asesores que tamén serán compensados na forma legalmente establecida.

Oitava. Desenvolvemento do procedemento selectivo

Fase de concurso (previa á oposición):

Terase en conta a Orde do 23 de decembro de 2021 da Consellería de Emprego e Igualdade pola que se establecen as bases reguladoras e a convocatoria pública para a concesión de subvencións para a realización de actividades de orientación laboral na que figura a correspondente táboa de baremación e que figura como Anexo I ás presentes bases.

Segundo a Orde que regula a subvención concedida é necesario alcanzar un mínimo de 3,5 puntos nesta fase de concurso para poder acceder a fase de oposición. Os aspirantes que non alcancen esta puntuación non poderán pasar á fase de oposición, xa que segundo a devandita Orde, sen esa puntuación mínima non poderán ser contratados.

Fase Oposición

Os aspirantes que alcancen como mínimo os 3,5 puntos na fase de concurso presentaranse no lugar e día fixado ao efecto polo citado Organismo, co gallo de realizar unha proba que constará de dúas partes:

Parte teórica:

Consistirá en contestar por escrito a un cuestionario tipo test de 50 preguntas con 4 respostas alternativas das que so unha será a correcta, sobre o contido do programa da convocatoria





contido no Anexo II das presentes bases. O tempo máximo para realizar este exercicio será de 60 minutos. Cada resposta correcta sumará 0,2 puntos. Cada resposta incorrecta restará 0,05 puntos. A puntuación máxima desta proba será de 10 puntos. O aspirante que non acade 5 puntos será eliminado do proceso selectivo.

Parte práctica:

Consistirá na resolución dun suposto práctico, por escrito, sobre as tarefas a desenvolver, nun tempo máximo de 30 minutos.

Proba de galego

A proba consistirá na realización dunha proba escrita, sen dicionario, consistente nunha tradución do castelán ao galego dun documento relacionado co temario da convocatoria. O tempo máximo para a realización deste exercicio serán de 30 minutos e a súa valoración será de apto ou non apto. Estarán exentos de realizar esta proba os aspirantes que acrediten o coñecemento do idioma galego de acordo co previsto nas presentes bases.

Novena. Cualificación dos exercicios da oposición

Cada un dos exercicios obrigatorios e eliminatorios da oposición, serán cualificados de 0 a 10 puntos (agás a proba de galego, que se puntuará coa cualificación de apto/a ou non apto/a). Para aprobar cada un dos exercicios e acceder ao seguinte é necesario obter unha puntuación mínima de 5 puntos.

Décima. Cualificación final e publicación dos resultados

1. A cualificación obtida polas persoas aspirantes será o resultado da suma das puntuacións outorgadas no exercicio obrigatorio e eliminatorio máis os da fase de concurso.

No caso de empate nas puntuacións totais de dúas ou máis persoas aspirantes, a situación resolverase tendo en conta a maior puntuación obtida na parte teórica do exercicio obrigatorio. Se isto non fora suficiente, resolverase tendo en conta a puntuación obtida na parte práctica. De persistir o empate, resolverase mediante un sorteo que se realizará en presenza das persoas interesadas.

2. Unha vez determinada a cualificación final das persoas aspirantes, o tribunal fará pública a listaxe de persoas aprobadas, por orde de puntuación, no taboleiro de anuncios da sede electrónica e na web municipal.

Rematadas as probas o Tribunal propoñerá como candidato/a preseleccionado/a a aquela persoa aspirante que acade unha maior puntuación, aos efectos da súa remisión ao Servizo de Orientación Laboral da Dirección Xeral de Formación e Colocación para a selección definitiva achegando o seu currículo, aos efectos de que aquela proceda a valoralo segundo o baremo regulado na súa convocatoria de concesión. Sen este requisito non se poderá formalizar o contrato.

Elaborarase unha lista de suplentes con todas as persoas aspirantes que superen o exercicio obrigatorio, por orde decrecente de puntuación, de xeito que a mesma sirva para aqueles supostos en que sexa preciso realizar unha nova contratación, no caso de que algún dos aspirantes inicialmente propostos para a súa contratación renunciase á mesma ou non acreditase estar en posesión dos requisitos esixidos, etc.





Décimo primeira. *Carácter vinculante das bases*

As bases desta convocatoria vinculan a administración municipal, os tribunais cualificadores e as persoas aspirantes que participen nos procesos selectivos convocados.

Décimo segunda. *Incidencias e recursos*

As presentes bases e a convocatoria poderanse impugnar consonte o establecido na Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas.

Así mesmo, a xurisdición competente para resolver as controversias en relación cos efectos e coa resolución do contrato laboral será a xurisdición social.

Segundo o artigo 46 da Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso-administrativa, a partir do día seguinte ao da publicación do anuncio da convocatoria, as persoas interesadas poderán interpoñer un recurso de reposición contra a convocatoria e as súas bases (que esgotan a vía administrativa) ante a Alcaldía, no prazo de 1 mes. Despois de presentar este recurso, poderase presentar un recurso contencioso-administrativo ante o Xulgado do Contencioso-Administrativo de Pontevedra, no prazo de 2 meses.

No non previsto nas bases, aplicarase a Lei 2/2015, do 29 de abril, do emprego público de Galicia, a Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, o Real decreto legislativo 781/1986, do 18 de abril, polo que se aproba o texto refundido das disposicións legais vixentes en materia de réxime local, o Real decreto legislativo 5/2015, do 30 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da Lei do Estatuto básico do empregado público, o Real decreto legislativo 2/2015, do 23 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da Lei do Estatuto dos traballadores e o Convenio colectivo do persoal do concello (de ser o caso).





ANEXO I

TÁBOA DE BAREMACIÓN

Requisitos imprescindibles para supera a fase de baremación do currículo:	
Requisitos de titulación:	
* Título de licenciado/a universitario/a, arquitecta/o, enxeñeiro/a ou grao.	
* Título universitario de enxeñeiro/a técnico/a, diplomado/a universitario/a, arquitecto/a técnico/a ou grao.	
Requisitos de puntuación:	
* Acadar unha puntuación mínima total en currículo de 3,5 puntos	
Formación específica en materia de orientación laboral (máximo 3,5 puntos)	Puntuación
Máster, cursos en materias de orientación laboral relacionadas coas tarefas definidas no artigo 3 da Orde da Consellería.	0,50 puntos por cada 25 horas formativas
Experiencia profesional (máximo 3,5 puntos)	Puntuación
A experiencia profesional deberá acreditarse exclusivamente a través do contrato de traballo en que conste o desempeño dunha ocupación igual ou equivalente á requirida, das recollidas na CNO. No caso de traballadores autónomos acreditarase coa alta en IAE (e actualización) e coas facturas en que consten os servizos prestados. Xuntarse informe de vida laboral en ambos os casos. Cando se trate de colaboracións, bolsas, titorías, docencia, educación social ou servizos sociais, acreditarase coa certificación de organismos oficiais en que deberá constar o tempo de realización e, de ser o caso, copia das condicións da convocatoria.	
Por cada mes realizando tarefas directamente relacionadas co posto ofertado: Técnico/a de orientación: orientación laboral/profesional, titorías laborais con persoas adultas, inserción laboral, etc.	0,40 puntos cada mes
Por cada mes realizando tarefas técnicas indirectamente relacionadas co posto ofertado (máximo 2 puntos nesta epígrafe). (axentes de emprego, prospectores de emprego, etc.)	0,20 puntos cada mes





Coñecementos ofimáticos debidamente acreditados (máximo 1 punto nesta epígrafe)	Puntuación
Os coñecementos débense acreditar mediante a achega de títulos, diplomas e/ou certificacións académicas	
Polos cursos acreditados sobre sistemas operativos, programas ofimáticos, programas de deseño e navegadores web, xestión de redes sociais ou espazos web para a publicación de contidos (blogs, wikis...).	0,10 puntos por cada 15 horas de curso
Non puntúan os cursos inferiores a 15 horas.	
Outros méritos (máximo 0,25 puntos)	Puntuación
Celga 4 ou equivalente debidamente homologado.	0,25 puntos
Discapacidade (máximo 1 punto)	Puntuación
Por ter recoñecido un grao de discapacidade igual ou superior ao 33%, e a compatibilidade entre a discapacidade e o desenvolvemento das tarefas e funcións do posto mediante o correspondente certificado do órgano competente.	1 punto





ANEXO II. TEMARIO

PARTE XERAL

- 1.-A Constitución Española de 1978. Características, estrutura e contido.
- 2.-Os dereitos fundamentais: evolución histórica e conceptual. Os dereitos fundamentais e as liberdades públicas.
- 3.- A Coroa. Funcións do Rei. O refrendo dos actos do Rei.
- 4.- O Tribunal Constitucional. Natureza. Composición. Competencias. As sentenzas do Tribunal Constitucional.
- 5.- A lei. A elaboración e aprobación das leis. Tipos de leis na Constitución. Os Tratados Internacionais como norma de Dereito Interno.
- 6.- As Cortes Xerais: referencia ao Defensor do Pobo.
- 7.- O poder xudicial.
- 8.-O Goberno. Funcións e potestades. Composición, designación e remoción do Goberno e o seu Presidente.
- 9.-A función parlamentaria de control do Goberno. Órganos dependentes das Cortes Xerais.
- 10.-O Tribunal Constitucional. Organización, composición e atribucións.
- 11.-A organización territorial do Estado: regulación constitucional. Distribución de competencias entre o Estado e as Comunidades Autónomas.
- 12.- A reforma da Constitución.
- 13.-O Estatuto de Autonomía de Galicia. Estructura. Competencias.
- 14.-O Parlamento de Galicia: composición, funcións e potestades.
- 15.-O Goberno de Galicia. O presidente da Comunidade e o Consello da Xunta. Composición, designación e remoción. As Consellarías: estrutura básica.
- 16.- O municipio. Historia. Clases de entes municipais no Dereito español.
- 17.- O termo municipal. A poboación. O padrón de habitantes.
- 18.- Organización e competencias municipais. Réxime de funcionamento dos órganos colexiados locais.
- 19.- Ordenanzas e regulamentos das Entidades Locais. Clases. Procedemento de elaboración e aprobación.
- 20.- Os bens das Entidades Locais. Réxime de utilización dos bens de dominio público.
- 21.- O servizo público na esfera local. Os modos de xestión dos servizos públicos.
- 22.- Dereitos e deberes dos empregados públicos. Réxime disciplinario do persoal ao servizo das Administracións Públicas.
- 23.-A relación xurídico-administrativa. Concepto. Suxeitos: a Administración e o administrado. Capacidade e representación. Rexistro electrónico de apoderamento. Dereitos do administrado e





intereses lexítimos. Os actos xurídicos do administrado. O procedemento administrativo: concepto e clases.

24.- O expediente administrativo: especial referencia á tramitación electrónica do expediente administrativo. Termos e prazos. O cómputo de prazos nos rexistros. A ampliación de prazos e a tramitación de urxencia.

25.- Os contratos administrativos na esfera local. As garantías e responsabilidade na contratación. Execución, modificación e suspensión. A revisión de prezos. Invalidez dos contratos. Extinción dos contratos.

26.- O persoal ao servizo das Corporacións Locais: Clases e réxime xurídico. Réxime xurídico do persoal funcionario das Entidades Locais: dereitos, deberes, réxime disciplinario. Situacións administrativas do persoal funcionario. Dereitos económicos e seguridade social. Réxime de incompatibilidades.

27.- O orzamento das entidades locais. Elaboración e aprobación. Principios orzamentarios. A estrutura orzamentaria: a clasificación económica de gastos e ingresos.

28.- A Lei 19/2013, de 9 de decembro, de transparencia, acceso a la información pública e bo goberno. Ámbito de aplicación. Dereito de acceso á información pública.

PARTE ESPECÍFICA

29.- A orientación laboral. Fundamentos. Evolución histórica do concepto de orientación.

30.- A orientación profesional e laboral. Principios básicos e modelos de intervención na formación inicial e na formación continua. Autoorientación. A información profesional na orientación. Concepto e método en función de emprego ordinario e emprego con apoio para o colectivo de persoas con discapacidade e en risco de exclusión social.

31.- O Servizo Público de Emprego de Galicia (S.P.E.G.): Distribución territorial de oficinas de emprego. O portal de emprego. Dereitos e deberes da persoa desempregada inscrita como demandante de emprego. Renovación da demanda. O punto de información. A intermediación laboral, a demanda de emprego e a oferta de emprego no SPEG

32.- Inserción laboral e inserción social. Diferencias.

33. O persoal técnico de orientación laboral do S.P.E.G. Accións que desenvolve. Obxectivos e protocolo da entrevista de orientación laboral. Itinerarios personalizados de inserción.

34. O Servizo Público de Emprego Estatal (S.E.PE). Prestacións e subsidios. 4. A Seguridade Social, afiliación e cotización. Réxime Xeral, Autónomos, Traballadores do Mar, e Empregadas do Fogar.

35. O contrato de traballo. Dereitos e deberes da persoa traballadora. Modalidades de contratación facendo especial referencia ao contrato de formación e a o contrato de emprendedores.

36.- O traballo na Unión Europea, no espazo económico europeo. Servizos prestados pola Rede Eures (Servizos Europeos de Emprego).

37. Programas de cooperación, Programas mixtos de formación e emprego e Programas integrados de emprego da Xunta de Galicia.

38.- Lei 11/2013, de 26 de xullo de medidas de apoio ao emprendedor e de estímulo do crecemento e da creación de emprego (BOE 27 de xullo de 2013).

39.- A entrevista personalizada. Elaboración de diagnoses individualizadas sobre o perfil, as necesidades e as expectativas das persoas demandantes de emprego. A motivación no contorno laboral.

40.- O deseño, a elaboración e a realización de itinerarios individuais e personalizados de emprego ás persoas desempregadas (IPI).

41.- O proceso de selección de persoal, técnicas e instrumentos. Intermediación entre as ofertas e as demandas de emprego.

42.- Programa de Garantía Xuvenil.





- 43.- Recoñecemento das competencias adquiridas pola experiencia laboral para as persoas demandantes de emprego mediante a acreditación oficial da súa cualificación a través de certificados de profesionalidade.
- 44.- As competencias clave. Competencias clave asociadas aos novos certificados de profesionalidade.
- 45.- A oferta de accións de formación profesional para o emprego.
- 46.- O sistema educativo: Formación profesional, a Universidade.
- 46.- Lei Orgánica 3/2022, de 31 de marzo, de ordeación e integración da Formación Profesional.
- 47.- O Plan Nacional para o Emprego. Obxectivos. Colectivos prioritarios.
- 48.- A política social e de emprego na UE. Institucións e organismos comunitarios actuantes en materia de emprego.
- 49.- Fondos para a financiación das políticas de emprego. Os fondos estruturais. O Fondo Social Europeo.
- 50.- Ámbitos de actuación e prioridades do FSE.
- 51.- Os xacementos de emprego. Elementos fundamentais. Tipos e ámbitos de actividade.
- 52.- Perffs profesionais máis demandados. Cualidades persoais. Capacidades e habilidades.
- 53.- As axencias de colocación e empresas de traballo temporal. Natureza e obrigas.
- 54.- A Muller e o emprego. O desenvolvemento profesional feminino. Barreiras e límites contra a muller.
- 55.- Inmigrantes e emprego. Lugares de procedencia. Causas da inmigración.
- 56.- A planificación da formación. Niveis de intervención na planificación da formación.
- 57.- O proceso de ensino-aprendizaxe na formación dos adultos. Actitudes. Motivación. Eventos diferenciadores.
- 58.- As técnicas de búsqueda de emprego.
- 59.- O CV. Tipos. Elaboración do CV.
- 60.- A carta de presentación. Tipos. Elaboración.
- 61.- Os portais de emprego . Características e limitacións.
- 62.- As probas psicotécnicas. Os test de intelixencia. Test de personalidade. Test de aptitudes específicas.
- 63.- A oferta de emprego público. Canle de comunicación da oferta. Organismos.
- 64.- Autoemprego. Concepto. Características que definen ao emprendedor. Tipos de empresas.
- 65.- Dereitos e obrigas da empresa. Dereitos e obrigas do traballador.
- 66.- Extinción do contrato de traballo. Despido disciplinario. Despido colectivo. Extinción por causas obxectivas. Extinción por vontade do traballador.

A Estrada, á data da sinatura dixital

O ALCALDE

D. José C. López Campos

Asinado dixitalmente á marxe





ANEXO III

SOLICITUDE DE ADMISIÓN NO PROCESO SELECTIVO PARA A CONTRATACIÓN DE 1 ORIENTADOR/A LABORAL PARA O CONCELLO DA ESTRADA

Datos da persoa solicitante:

Nome e apelidos:		DNI/CIF:	
------------------	--	----------	--

e, na súa representación:

Nome e apelidos:		DNI/CIF:	
------------------	--	----------	--

Medio de notificación: Electrónica Papel

Lugar/rúa:		Núm.:		Andar:		Porta:	
Parroquia:		Código postal:		Concello:			
Provincia:		Teléfono de contacto:		Correo electrónico:			

EXPOÑO:

Que son coñecedor/a da convocatoria publicada para a contratación de 1 Orientador/a laboral.

Que reúno todas as condicións esixidas nas bases da convocatoria.

Que xuro/prometo que non me separaron do servizo das administracións públicas nin estou inhabilitado/a para o exercicio de funcións públicas por sentenza firme.

Que xuro/prometo que non estou incurso/a en ningunha causa de incompatibilidade conforme a lei vixente. Por isto, SOLICITO:

Que se me admita para realizar as probas do proceso selectivo indicado.

Idioma para a realización das probas: Galego Castelán

ANEXOS:

- DNI
- Título esixido
- Méritos
- Certificado acreditativo do coñecemento da lingua galega, de posuílo (Celga 4 ou equivalente).
- Xustificante do pagamento das taxas de inscrición/ Certificado de exención

A Estrada, de de 2022

(sinatura da persoa solicitante)





Concello da Estrada

Praza da Constitución, 1
36680 A Estrada, Pontevedra
Tfno.: 986 570 165
Fax: 986 570 836
aestrada.gal



Cod. Validación: 9K9QRQHPL6ZANGQWH9TGS9EDY | Corrección: <https://aestrada.sedelectronica.gal/>
Documento asinado electronicamente desde a plataforma xestiona esPublico | Páxina 13 a 13